

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) participou de maneira proactiva no proceso iniciado no ano 2012 de reforma das administracións locais no conxunto do Estado. Con motivo do primeiro informe do Instituto Nacional de Administracións Públicas elevado ao Consello de Ministros, esta Federación prantexou as que deberían ser liñas mestras dunha reforma que atenda ás necesidades reais das entidades locais, despois de case tres décadas dende a aprobación do marco legal vixente. Estas consideracións tomaron forma de alegacións dunha vez que o Goberno elaborou un primeiro un primeiro anteproxecto de lei, finalmente convertido en proxecto lexislativo o pasado 27 de xullo e remitido ás Cortes para a súa definitiva tramitación parlamentaria.

Consciente esta Federación de que a tarefa de presentación de emendas ao texto articulado está encomendada aos grupos políticos das Cámaras, a Comisión Executiva da Fegamp considerou necesario trasladar ao Congreso e Senado unha serie de propostas que recollen o sentir do municipalismo galego ante unha reforma profundamente equivocada e que xerará máis problemas que as solucións que pretendía aportar.

A xuízo desta Federación, a reforma local vira as costas á realidade do municipalismo en xeral, e especialmente ás especificidades dun territorio como o galego, no que conflúen variables como a dispersión ou o envellecemento poboacional dunha maneira decisiva á hora da prestación dos servizos públicos. Ignorar esta realidade aboca un diagnóstico equivocado e, polo tanto, a unha reforma allea aos verdadeiros problemas das entidades locais de Galicia, moitos deles xa canalizados a través de acordos entre municipios e comunidade autónoma, como o chamado Pacto Local que establece unha distribución ordenada das competencias educativas ou sanitarias. Este proxecto de lei vulnera estes acordos, alterando as relacións interadministrativas entre Xunta e concellos desentorcas en virtude dos respectivos principios de autonomía.

Recoñecendo o obxectivo colectivo de todas as administracións públicas de camiñar cara un escenario de sostibilidade financeira, é desproporcionado facer

recaer nas entidades locais unha serie de controis económicos e limitacións administrativas que, na práctica, anulan a autonomía municipal para a xestión dos servizos públicos. Ademais, a inadecuada relevancia que se outorga aos interventores municipais xera unha inxustificada sospeita de mala xestión económica nas entidades locais, que desde logo non se corresponde coa realidade.

Os principios economicistas, xa reflectidos noutras normas existentes no marco xurídico estatal, non deben supoñer un límite á finalidade primeira de toda administración, e especialmente a local: a prestación de servizos públicos de calidade desde un ámbito de proximidade. Por iso, non se entende o desapoderamento competencial ao que esta reforma somete ás entidades locais, a través da cesión obrigatoria de servizos ás deputacións provinciais, ou da súa transferencia ás comunidades contra o desexo expreso dos concellos, como ocorre cos servizos sociais.

Especialmente grave consideramos o reforzo das deputacións provinciais fronte ao debilitamento dos pequenos concellos, aos que esta reforma conduce á asfixia financeira e a perda masiva de servizos. Esta non debe ser a función das deputacións e si a de asistencia e cooperación ás entidades locais con menores recursos, pero sen suplantar a súa capacidade de xestión. A súa continuidade como administración pública debe cingirse ao desenvolvemento de accións supramunicipais ou outras atribucións que a lexislación autonómica prevea.

En todo caso, resulta contradictorio prantexar unha reforma da administración local desde un punto de vista financeiro e non abrir, de xeito paralelo, unha modificación do sistema de financiamento dos concellos, que amosaron profundas ineficiencias ao longo dos últimos anos. Este asunto debería ser tan prioritario como a delimitación competencial ou a regulación do sector público municipal.

Cabe tamén expresar a discrepancia coa técnica xurídica empregada na redacción da reforma local, que recordemos articúlase a través dunha Lei de Bases, cuxo sentido non debería ser restritivo, como se prantexa, senón todo o contrario, recoñecéndolle en todo momento ao lexislador estatal a súa

capacidade para establecer uns mínimos normativos a cumprimentar polas autonomías.

Por último, e sen menoscabo das propostas que seguidamente se exporán, a Fegamp reitera a necesidade de que calquera reforma lexislativa no ámbito da administración local estatal deberá ser froito dun acordo amplo cos lexítimos representantes dos concellos e as provincias, que ao noso xuízo non se alcanzou neste proceso , o que aboca ao mesmo ó fracaso.

PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN AO PROXECTO DE LEI DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE LOCAL.-

LEI DE BASES DE RÉXIME LOCAL

Artigo 2. Autonomía local

Modificar o seu apartado 1 no senso de suprimir *“y con estricta sujeción a la normativa de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera”*.

A estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira non debe pasar a converterse no principio básico e fundamental á hora de atribuír competencias ás Entidades locais. A estabilidade orzamentaria non debe ser incompatible coa proximidade da xestión administrativa aos cidadáns.

Artigo 7. Competencias

En relación ao seu apartado 4, suprimir os seguintes parágrafos:

“A estos efectos, serán necesarios y vinculantes los informes previos de la Administración competente por razón de materia, en el que se señale la inexistencia de duplicidades, y de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera sobre la sostenibilidad financiera de las nuevas competencias”

“En todo caso, el ejercicio de estas competencias deberá realizarse en los términos previstos en la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas.”

O artigo 4.2 da Carta Europea de Autonomía Local do 15 de outubro de 1985, recolle expresamente a liberdade plena que teñen as Entidades locais para exercer a súa iniciativa nas materia non excluídas da súa competencia ou atribuídas a outra Administración. Os concellos para levar adiante competencias distintas ás propias ou delegadas non teñen porque contar coa previa autorización das outras Administracións.

Artigo 10. Relacións interadministrativas

Suprimir o apartado 3 do artigo.

Non se debe supeditar a coordinación exclusivamente ao cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e financeira, cando o obxectivo principal da coordinación debe ser procurar que a acción das distintas administracións públicas estea dentro dos parámetros da planificación xeral e tamén das directrices da lexislación sectorial en cada materia.

Artigo 13. Fusión de concellos

Suprimir o seu apartado 5, en relación á coordinación e supervisión polas Deputacións provinciais dos servizos municipais dos concellos fusionados. Dita coordinación debería pasar a ser voluntaria a petición dos concellos fusionados.

Artigo 25. Competencias dos concellos

Suprimir no apartado 1 do artigo a expresión *“en los términos previstos en este artículo”*, pois como antes se sinalou o artigo 4.2 da Carta Europea de Autonomía Local recolle expresamente a liberdade plena que teñen as Entidades locais para exercer a súa iniciativa nas materias non excluídas da súa competencia ou atribuídas a outra Administración.

Levar adiante no seu apartado 2, en relación coas materias competenciais, as seguintes modificacións:

- Engadir “alumeado público” ao contido da letra d), xa que entendemos que este servizo, pola súa importancia debería incorporarse ao texto da lei, e non incluírse dentro do indeterminado “outros equipamentos da súa titularidade”
- Engadir “defensa de usuarios e consumidores” ao contido da letra i). A vixente Lei 7/1985 recóllea como competencia local, moitas entidades locais teñen OMIC, e as normas autonómicas outorgan aos concellos

competencias na materia (artigo 71 da Lei 2/2012, galega de protección de consumidores e usuarios).

- Incorporar ao contido da letra e) a prestación dos servizos sociais. A normativa autonómica (a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia,) atribúe aos concellos unha amplo feixe de competencias na materia. Ademais por proximidade e eficiencia debe manterse dentro das competencias municipais.
- Suprimir a letra n) en relación coas competencias locais no eido do ensino, que deben ser asumidas na súa totalidade polas Comunidades Autónomas, iso sen prexuízo das posibles delegacións. Neste senso en Galicia firmouse no ano 2006 o denominado Pacto Local, a medio do cal a Comunidade Autónoma comprometéase a asumir os custes de mantemento dos centros de ensinanza primaria.
- Engadir o contido da letra m) arquivos, bibliotecas e museos. A práctica totalidade dos concellos teñen e xestionan os seus propios arquivos e bibliotecas, e son moitos os que contan cos seus museos.
- Engadir un apartado para incluír o padrón municipal de habitantes. A formación, actualización, revisión e custodia do padrón municipal corresponde ao Concello, conforme o disposto polo RD 1690/1986.
- Engadir un apartado para incluír as políticas locais de xuventude.
- Engadir un apartado para o desenvolvemento económico local e comercio.
- Engadir un apartado para incorporar as políticas activas de emprego e a formación ocupacional.

Artigo 26. Servizos mínimos

No apartado 1 debería modificarse a relación de servizos mínimos obrigatorios, no senso de incrementar os atribuídos na actualidade polo artigo 26.1 da LBRL. A todos os concellos, sexa cal sexa a súa poboación, deberían engadirse como novos servizos mínimos os de biblioteca pública, parque público e instalacións deportivas de uso público; aos concellos de máis de 5.000 habitantes os servizos sociais básicos, protección civil e a defensa consumidores; e aos de máis de 20.000 habitantes a protección do medio ambiente.

Despois de varias décadas, a realidade é que moitos concellos, en especial os de menos de 20.000 habitantes, veñen prestando máis servizos dos que ata agora fixa como obrigatorios a normativa reguladora do réxime local. A maior parte dos mesmos impostos por normas sectoriais, especialmente de ámbito autonómico.

Debe suprimirse o apartado 2 do artigo, en canto que a imposición por imperativo legal da coordinación polas Deputacións de determinados servizos de titularidade municipal, é atentatorio da autonomía local. Elo sen prexuízo de que os concellos poidan encomendar voluntariamente ás Deputacións Provinciais a xestión dalgúns dos servizos enumerados no apartado anterior.

Artigo 27. Delegación de competencias

Suprimir o apartado 3 do artigo, xa que nos parece innecesario relacionar as competencias delegables, que deberían ser calquera das non comprendidas dentro do artigo 25.2. Ademais a expresión “entre outras” pode dar lugar a diversos problemas.

En ningún caso debería figurar en dita relación a prestación dos servizos sociais e a xestión e promoción turística local, xa que ambas deben ser competencia dos concellos.

Artigo 28. Actividades complementarias

Manter vixente o artigo 28 da LBRL, en tanto debe permitirse a realización de actividades complementarios das que desenvolven outras Administracións, sempre que queden garantidos a prestación dos servizos mínimos e o permita a situación económico financeira dos concellos.

O artigo 4.2 da Carta Europea de Autonomía local outorga ás entidades locais liberdade plena para exercer a súa iniciativa en toda materia que non estea excluída da súa competencia.

Artigo 36. Competencias das Deputacións

No seu apartado 1, en consonancia co dito anteriormente, debe suprimirse calquera referencia á coordinación forzosa polas mesmas da prestación unificada de servizos (letra c), da coordinación dos plans económico financeiros (letra e) e do seguimento dos custes efectivos dos servizos dos concellos (letra h).

En consonancia coa anterior no apartado 2 (plans provinciais de cooperación as obras e servizos de competencia municipal) deberá suprimirse a referencia á inclusión nos plans de fórmulas de prestación unificada cando sexa a propia Deputación quen detecte que os custes de prestación municipal sexan superiores aos que ela presta ou coordina.

O papel das Deputacións debe seguir sendo o de asistencia, colaboración e asesoramento, en especial en relación aos concellos máis pequenos ou de menor capacidade de xestión. Iso sen prexuízo de atribuírlles competencias para prestar determinados servizos públicos, en todo caso de carácter supralocal ou supracomarcal (xestión tributaria, extinción incendios, rede viaria...), todo elo de acordo co disposto na lexislación de réxime local e nas distintas leis sectoriais da respectiva Comunidade Autónoma.

Artigo 75 bis. Réxime retributivo

Debería modificarse o artigo para incluír no réxime retributivo aos concellos de menos de 1.000 habitantes.

O réxime retributivo dos cargos públicos locais debería ser en todo caso homologable ao establecido para o persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma, e en ningún caso inferior ao fixado para un Xefe de Sección en dita Administración.

Artigo 75 ter. Cargos públicos con réxime dedicación exclusiva.

Debe modificarse este artigo no senso antes indicado, ou sexa que nos concellos de menos de 1.000 habitantes, a lo menos un membro poida prestar o seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.

Artigo 85. Xestión dos servizos públicos locais

Debería suprimirse o parágrafo terceiro do apartado 2, xa que se limita a potestade de organización dos concellos e o contido da nova disposición adicional novena da LBRL, en tanto os concellos non poderían facer uso das entidades instrumentais, co que se lles aboca case en exclusiva a procurar fórmulas de xestión indirecta de servizos.

Artigo 86. Iniciativa local para o exercicio de actividades económicas.

Debería suprimirse a proposta de modificación deste artigo. A iniciativa pública local non ten porque ter carácter subsidiario da iniciativa privada conforme o disposto no artigo 128. 2 da Constitución.

Disposición adicional novena. Redimensionamento do sector público local

Supresión do apartado 2 de dita disposición en tanto fixa unhas concretas datas (31 de decembro de 2014 e 1 de agosto de 2015), sen ter en conta a imprevisible e indeterminada data en que pode entrar en vigor esta Lei.

LEI DE FACENDAS LOCAIS

Art. 116 bis. Plan económico financeiro

Suprimir o apartado 2 ao incluír en ditos plans por unha Lei ordinaria requisitos distintos dos xa fixados por una Lei Orgánica (Lei de Estabilidade presupostaría). En todo caso non se podería impor a un concello ex lege unha fusión cun concello colindante.

Suprimir no apartado 3 a referencia á coordinación forzosa polas Deputacións na elaboración das medidas recollidas en ditos plans económico financeiros.

Art. 116 ter. Custe efectivo dos servizos

Os custes dos servizos deberán ser fixados polas correspondentes Comunidades Autónomas e previa audiencia das entidades locais, no seno dos órganos de colaboración existentes.

Artigo 213. Control económico interno

Suprimir o parágrafo 3 do artigo (remisión polos interventores locais do resultados dos seus controis a Intervención Xeral do Estado).

Non é función dos interventores remitir a Intervención Xeral do Estado un informe sobre o seus controis. O control externo dos concellos correspóndelle ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en ningún caso á Intervención Xeral do Estado.

A lei de Bases xa impón (artigo 56) a obriga de remitir información á Administración do Estado.

Artigo 218. Resolucións sobre reparos

Suprimir no apartado 1 a referencia que o informe do interventor sobre as resolucións adoptadas contrarias aos reparos teña que constituír un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Suprimir o apartado 3 do artigo polo dito anteriormente en relación co artigo 213. Ademais convén recordar que a fiscalización externa da xestión económica dos concellos lévase a cabo mediante a redención da correspondente conta xeral.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS E TRANSITORIAS

Disposición adicional segunda.- Competencias autonómicas en materia de réxime local.

A lexislación sectorial das comunidades Autónomas poderá atribuír competencias ás Entidades locais á marxe que dita atribución de competencias teña ou non amparo no correspondente Estatuto de Autonomía.

Disposición adicional sétima. Transferencia servizos sanidade e servizos sociais

Suprimir a referencia aos servizos sociais (disposición transitoria segunda) polo dito anteriormente ao aludir as competencias dos concellos.

En canto as transferencias das competencias en materia de servizos de sanidade a metodoloxía para valorar o seu custe deberá fixarse pola respectiva Comunidade Autónoma, coa participación de representación das Entidades locais, pois existe un acordo (Pacto Local Xunta de Galicia-Entidades locais) polo cal o Goberno galego comprométese a asumir os custes de mantemento dos centros de saúde. En ningún caso os custes de asunción destes servizos poderán supoñer unha diminución na participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma.

Disposición adicional decimoquinta. Asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas a educación

Os termos nos que as Comunidades Autónomas asumirán estas competencias non poden quedar diferidos a un futuro e incerto sistema de financiación das entidades locais. Deberan ser fixados pola respectiva Comunidade Autónoma coa participación da representación das Entidades locais.

Disposición transitoria segunda. Asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas a servizos sociais.

Suprimir esta disposición. Dende a FEGAMP reiteramos que os servizos sociais deben seguir sendo competencia das Entidades locais.